C 1 2 3 4 5

# MERCADO DE TRABALLO E RELACIÓNS LABORAIS

**2.1.**
Actividade, ocupación e desemprego

**2.2.**
Relacións laborais

**2.3.**
Seguridade e saúde no traballo

**2.4.**
Políticas de formación para o emprego

# 2.1.
# Actividade, ocupación e desemprego

**A profundidade e duración da crise** económica, ten como principal consecuencia directa o proceso de forte e continua destrución de emprego. Nun contexto de estancamento económico con taxas de variación do PIB real galego do 0,3%, e nun entorno financeiro moi inestable, a variación do emprego segue sendo negativa, con taxas de variación interanual media do -1,6%, indicando un descenso adicional de ocupados en torno ás 17.700 persoas. A poboación parada moderou novamente no ano 2011 o seu ritmo de variación, situándose en taxas de crecemento interanual do 13,9%, lonxe do incremento medio anual da poboación parada do 45,3% do ano 2009, ou do 20,8% no ano 2010. O volume e taxas de incremento da poboación parada, aínda que moderadas en relación a anos anteriores, mostran os efectos reais dunha crise económica con profundas raíces financeiras.

Unha ollada aos indicadores recollidos, como resumo, no **cadro 2.1.1.** permite facerse unha primeira idea da evolución do mercado de traballo ao longo dos últimos dous anos. Estes datos amosan que os signos de recuperación que parecían observarse no ano 2010, tornáronse nunha situación de estancamento económico e inseguridade financeira que novamente teñen efectos negativos no ámbito do emprego, deste xeito, os datos do mercado laboral son negativos, aínda que en menor medida que no ano precedente: caída no nivel de ocupación, a poboación parada increméntase en máis dun 13% e un menor número de contratos rexistrados nas oficinas de emprego.

O estancamento da actividade económica galega ten efectos negativos sobre o número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social e na poboación ocupada estimada pola EPA; así a afiliación á Seguridade Social cae un 2,7% na taxa de variación interanual e a poboación ocupada cae un 1,6%. O impacto da crise no emprego foi superior en Galicia que no conxunto do Estado, cun maior descenso porcentual da poboación afiliada, cunha menor taxa de actividade e ocupación en Galicia, e cunha menor taxa de paro, aínda que esta taxa creceu máis en Galicia que na media do Estado.

### Principais indicadores do emprego 2007-11

| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 11/10 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en miles de persoas)* | | | *(%)* |
| **Afiliados á Seguridade Social** | 1.070,1 | 1.072,5 | 1.029,6 | 1.007,4 | 980,3 | -2,7 |
| **Poboación ocupada** | 1.193,4 | 1.200,1 | 1.151,4 | 1.100,8 | 1.083,0 | -1,6 |
| **Poboación parada** | 98,7 | 114,7 | 165,9 | 200,4 | 228,3 | 13,9 |
| | | | *(%)* | | | |
| **Taxa de temporalidade (1)** | 31,4 | 30,7 | 26,7 | 25,1 | 24,7 | -1,6 |
| **Paro rexistrado** | 150,5 | 162,5 | 206,2 | 226,2 | 241,3 | 6,7 |
| **Contratos iniciais indefinidos** | 49,5 | 46,4 | 37,5 | 32,5 | 28,5 | -12,3 |
| **Contratos iniciais temporais** | 765,9 | 706,1 | 616,1 | 620,6 | 617,8 | -0,5 |
| **Contratos convertidos en indefinidos** | 49,2 | 41,7 | 29,6 | 27,6 | 25,2 | -8,7 |

**(1) variación 11/10 en puntos porcentuais**

Fonte: Elaboración propia *CES Galicia* a partir de datos do *IGE* e *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

**2.1.1.**

### Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2007-11 (1)

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | España | Galicia /España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en miles de persoas)* | | | | *(%)* |
| **2007** | 1.070,1 | 443,3 | 132,4 | 111,3 | 383,2 | 19.152,3 | 5,6 |
| **2008** | 1.072,5 | 445,9 | 133,1 | 111,4 | 382,1 | 19.005,6 | 5,6 |
| **2009** | 1.029,6 | 431,4 | 129,0 | 108,2 | 361,1 | 17.916,8 | 5,7 |
| **2010** | 1.007,4 | 424,6 | 126,3 | 106,2 | 350,4 | 17.581,9 | 5,7 |
| **2011** | 980,3 | 414,8 | 123,7 | 103,8 | 337,9 | 17.326,3 | 5,7 |
| **xaneiro** | 978,5 | 414,4 | 122,9 | 103,0 | 338,1 | 17.276,5 | 5,7 |
| **febreiro** | 980,2 | 415,2 | 122,8 | 103,3 | 338,8 | 17.298,6 | 5,7 |
| **marzo** | 980,3 | 415,1 | 123,2 | 103,3 | 338,6 | 17.325,4 | 5,7 |
| **abril** | 985,9 | 417,9 | 124,0 | 103,8 | 340,1 | 17.499,0 | 5,6 |
| **maio** | 984,2 | 415,8 | 124,1 | 104,3 | 340,0 | 17.497,2 | 5,6 |
| **xuño** | 982,1 | 414,4 | 123,9 | 104,1 | 339,7 | 17.362,4 | 5,7 |
| **xullo** | 1.003,8 | 423,0 | 127,3 | 106,4 | 347,1 | 17.591,4 | 5,7 |
| **agosto** | 991,9 | 417,6 | 125,9 | 105,4 | 342,9 | 17.287,1 | 5,7 |
| **setembro** | 974,4 | 411,5 | 123,5 | 104,1 | 335,2 | 17.255,4 | 5,6 |
| **outubro** | 974,6 | 413,4 | 123,2 | 103,5 | 334,5 | 17.206,5 | 5,7 |
| **novembro** | 971,0 | 412,9 | 122,3 | 102,9 | 332,9 | 17.204,0 | 5,6 |
| **decembro** | 956,5 | 406,8 | 121,3 | 101,9 | 326,6 | 17.111,8 | 5,6 |
| | | | *(taxas de variación interanual)* | | | | |
| **11/10** | -2,7 | -2,3 | -2,1 | -2,3 | -3,6 | -1,5 | |
| **xaneiro** | -2,5 | -2,0 | -2,1 | -2,6 | -3,3 | -1,5 | |
| **febreiro** | -2,7 | -2,2 | -2,7 | -2,6 | -3,3 | -1,4 | |
| **marzo** | -2,0 | -1,7 | -1,9 | -1,8 | -2,3 | -0,9 | |
| **abril** | -2,0 | -1,7 | -1,7 | -1,8 | -2,6 | -0,6 | |
| **maio** | -2,5 | -2,5 | -2,0 | -1,5 | -3,1 | -1,1 | |
| **xuño** | -2,9 | -2,6 | -2,4 | -2,0 | -3,6 | -1,3 | |
| **xullo** | -2,7 | -2,3 | -1,9 | -2,0 | -3,6 | -1,1 | |
| **agosto** | -2,7 | -2,4 | -1,8 | -2,1 | -3,5 | -1,3 | |
| **setembro** | -3,6 | -3,2 | -2,5 | -3,0 | -4,9 | -1,7 | |
| **outubro** | -3,4 | -3,0 | -2,2 | -2,7 | -4,5 | -2,4 | |
| **novembro** | -2,2 | -1,4 | -1,3 | -1,7 | -3,8 | -1,9 | |
| **decembro** | -3,2 | -2,7 | -2,3 | -2,6 | -4,2 | -2,1 | |

**(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes**

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

**2.1.2.**

**Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2010-11 (1): distribución segundo réxime**

**2010**

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 1.007.447 | 424.612 | 126.296 | 106.182 | 350.357 |
| **Réxime Minería do Carbón** | 11 | 11 | - | - | - |
| **Réxime Xeral** | 735.729 | 319.582 | 81.429 | 76.018 | 258.700 |
| **Réxime Especial Agrario** | 4.504 | 1.452 | 1.369 | 374 | 1.309 |
| **Réxime Especial Empregados Fogar** | 20.371 | 8.402 | 2.841 | 2.942 | 6.186 |
| **Réxime Especial Autónomo** | 222.820 | 88.710 | 38.678 | 26.848 | 68.584 |
| **Réxime Especial do Mar** | 24.012 | 6.455 | 1.979 | - | 15.578 |

**2011**

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 980.280 | 414.840 | 123.708 | 103.846 | 337.888 |
| **Réxime Minería do Carbón** | 7 | 7 | - | - | - |
| **Réxime Xeral** | 712.872 | 311.406 | 79.705 | 74.176 | 247.585 |
| **Réxime Especial Agrario** | 4.720 | 1.518 | 1.466 | 387 | 1.349 |
| **Réxime Especial Empregados Fogar** | 20.288 | 8.342 | 2.854 | 2.943 | 6.149 |
| **Réxime Especial Autónomo** | 218.843 | 87.145 | 37.771 | 26.340 | 67.588 |
| **Réxime Especial do Mar** | 23.550 | 6.422 | 1.912 | - | 15.217 |

**11/10**

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(%)* | | |
| **Total** | -2,7 | -2,3 | -2,0 | -2,2 | -3,6 |
| **Réxime Minería do Carbón** | -36,4 | -36,4 | | | |
| **Réxime Xeral** | -3,1 | -2,6 | -2,1 | -2,4 | -4,3 |
| **Réxime Especial Agrario** | 4,8 | 4,5 | 7,1 | 3,5 | 3,1 |
| **Réxime Especial Empregados Fogar** | -0,4 | -0,7 | 0,5 | 0,0 | -0,6 |
| **Réxime Especial Autónomo** | -1,8 | -1,8 | -2,3 | -1,9 | -1,5 |
| **Réxime Especial do Mar** | -1,9 | -0,5 | -3,4 | | -2,3 |

**(1) en medias anuais**

Fonte: *IGE*

**2.1.3.**

A caída do emprego prodúcese en tódolos sectores, agás na industria, pero afecta de forma máis intensa á construción, con 13.900 ocupados menos que no ano anterior (o 13,2% do emprego perdido).

Os datos do paro rexistrado seguen a tendencia das taxas de variación do mercado de traballo galego. Logo dunha medra de 15.000 parados (media anual) en 2011, o número de persoas desempregadas acada as 241.300 persoas (o 5,7% do paro rexistrado de media en España). A diferenza do ano anterior, Galicia mostra un peor comportamento en relación á media española, dado que o paro rexistrado medra un 6,7% en Galicia fronte ao 4,8% de media en España.

En relación aos fluxos de entrada ao mercado de traballo, continúa a tendencia negativa na contratación indefinida xa apuntada en 2009 e 2010. A taxa de variación para 2011 presenta unha caída do 12,3% nos contratos iniciais de duración indefinida. A contratación temporal, que no ano anterior incrementárase un 0,7%, redúcese lixeiramente en 2011 un 0,5% respecto ao ano precedente. No caso da conversión de contratos en indefinidos, a caída acada un 8,7%.

## Datos de emprego da Seguridade Social

O impacto negativo da crise económica e financeira no mercado de traballo galego, que no ano 2010 reflectiuse no descenso no número das afiliacións á Seguridade Social, do 2,2% en relación ao ano anterior, agudizouse no ano 2011. Neste exercicio, o número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia reduciuse nun 2,7%. A igual que aconteceu no ano anterior, Galicia segue a presentar un peor comportamento que o rexistrado de media en España, onde o

número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social descendeu un 1,5% respecto á media do ano anterior. En Galicia había en 2011 un total de 980.280 persoas afiliadas (media anual), 27.167 altas menos que no ano precedente. Esta cifra supón o 5,7% do total estatal, porcentaxe que se mantén dende o ano 2009.

A partir do segundo semestre do ano 2008 as taxas de variación interanual do número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social tórnanse negativas, en concreto, a partir do mes de setembro do ano 2008, o ano 2009, 2010 e 2011, as taxas de variación son sempre negativas; o que indica que nos tres últimos anos, o número de afiliados á Seguridade Social non creceu en ningún mes en relación ao número existente no mesmo mes do ano anterior.

O deterioro das taxas de crecemento interanuais, parece agudizarse no ano 2011. Todos os meses do ano 2011, tal como se sinalou, presentan en Galicia importantes taxas de redución do número de persoas afiliadas en alta laboral, con caídas superiores ao 3% en relación aos mesmos meses do ano anterior, en setembro, outubro e decembro; e con caídas en torno ano 2% nos restantes meses, incluíndo os meses de verán onde, tradicionalmente as reducións eran máis suaves, destacando a caída do 2,9% en xuño.

Como xa acontecera no ano anterior, a provincia de Pontevedra foi onde máis se notou o impacto da crise, como indican os datos recollidos no **cadro 2.1.3.** Se xa nos anos 2009 e 2010 foi a provincia galega onde máis se reduciu o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social (5% e 3%), no ano 2011 continúa esta tendencia negativa, cunha caída de 12.469 persoas (un 3,6% menos) no número de afiliados. A redución do número de persoas afiliadas é xeneralizado nas catro provincias galegas, aínda que a menor nivel: A Coruña presenta unha diminución de 9.772 persoas (2,3% menos) e Lugo e Ourense, de 2.588 e 2.336 afiliacións menos, respectivamente; agás no caso da Lugo, as reducións son superiores ás experimentadas no ano precedente. Setenta e tres de cada 100 traballadores afiliados en alta laboral o estaban no réxime xeral e 22 de cada 100, no réxime especial dos traballadores autónomos. En termos absolutos, un total de 712.872 persoas estaban afiliadas no réxime xeral, 22.857 persoas menos que no ano anterior, e 218.843 traballadores o estaban no réxime especial de autónomos, 3.977 menos que no ano precedente.

### Emprego segundo a EPA

No ano 2011 prodúcese un incremento da poboación activa galega, sendo este incremento exclusivamente de poboación feminina que compensa o descenso de 3.800 persoas na poboación activa masculina. O incremento da poboación activa feminina é de 14.100 mulleres. No período 2007-2011 a poboación activa feminina en Galicia incrementouse nun 6,8%, fronte ao descenso no mesmo período do 2,7% da poboación activa masculina. O devandito incremento é consecuencia do acceso ao mercado laboral de mulleres con nacionalidade española, xa que o número de mulleres activas con nacionalidade estranxeira en Galicia permanece practicamente estable en torno ás 34.800 persoas.

Comparativamente a redución no período 2007-2011 da poboación activa masculina é porcentualmente superior en Galicia que na media estatal (-2,7% fronte ao -1% de media en España) e o incremento da poboación activa feminina é porcentualmente inferior ao rexistrado de media no estado (6,8% fronte ao 11%) (**cadro 2.1.5.**).

Os datos da *Enquisa de poboación activa* (EPA) amosan tamén que o devandito deterioro das taxas de variación interanuais da ocupación e do desemprego continuou ao longo do ano 2011. Se para o conxunto de 2010 a taxa de ocupación descende en dous puntos porcentuais mentres que a taxa de paro increméntase en case tres puntos porcentuais no conxunto do ano, no ano 2011 a taxa de ocupación descende de novo en 6 décimas porcentuais e a taxa de paro increméntase en dous puntos porcentuais. Segundo os datos da EPA, a taxa de ocupación situouse no 45,6% da poboación maior de 16

### Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2011: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica (1)

**Ámbolos dous sexos**

| | Poboación > 16 anos | Activos | Ocupados | Parados | na procura 1º emprego | Inactivos | Taxa actividade | Taxa ocupación | Taxa paro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | 2.377,0 | 1.311,3 | 1.083,0 | 228,3 | 17,7 | 1.065,7 | 55,2 | 45,6 | 17,4 |
| A Coruña | 979,4 | 559,9 | 470,5 | 89,4 | 5,1 | 419,5 | 57,2 | 48,0 | 16,0 |
| Lugo | 301,5 | 156,5 | 137,8 | 18,7 | 2,3 | 145,0 | 51,9 | 45,7 | 12,0 |
| Ourense | 285,7 | 138,9 | 113,9 | 25,0 | 2,5 | 146,8 | 48,6 | 39,9 | 18,0 |
| Pontevedra | 810,5 | 455,9 | 360,8 | 95,2 | 7,7 | 354,5 | 56,3 | 44,5 | 20,9 |
| **España** | 38.497,3 | 23.103,6 | 18.104,6 | 4.999,0 | 421,3 | 15.393,7 | 60,0 | 47,0 | 21,6 |
| | | | | *(%)* | | | | | |
| **Galicia / España** | 6,2 | 5,7 | 6,0 | 4,6 | 4,2 | 6,9 | | | |
| **Galicia 11/10** | -0,3 | 0,8 | -1,6 | 13,7 | 10,6 | -1,6 | | | |
| **España 11/10** | 0,0 | 0,1 | -1,9 | 7,9 | 18,6 | 0,0 | | | |

**Valóns**

| | Poboación > 16 anos | Activos | Ocupados | Parados | na procura 1º emprego | Inactivos | Taxa actividade | Taxa ocupación | Taxa paro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | 1.135,2 | 699,8 | 583,4 | 116,4 | 8,2 | 435,3 | 61,7 | 51,4 | 16,6 |
| A Coruña | 468,3 | 296,3 | 251,5 | 44,8 | 2,6 | 172,1 | 63,3 | 53,7 | 15,1 |
| Lugo | 145,5 | 83,4 | 73,9 | 9,5 | 0,9 | 62,1 | 57,3 | 50,8 | 11,4 |
| Ourense | 137,7 | 75,5 | 62,6 | 12,9 | 1,3 | 62,2 | 54,8 | 45,4 | 17,1 |
| Pontevedra | 383,7 | 244,7 | 195,5 | 49,2 | 3,5 | 139,0 | 63,8 | 50,9 | 20,1 |
| **España** | 18.800,2 | 12.680,7 | 9.991,4 | 2.689,3 | 186,3 | 6.119,6 | 67,4 | 53,1 | 21,2 |
| | | | | *(%)* | | | | | |
| **Galicia / España** | 6,0 | 5,5 | 5,8 | 4,3 | 4,4 | 7,1 | | | |
| **Galicia 11/10** | -0,3 | -0,6 | -2,9 | 13,3 | 16,9 | 0,2 | | | |
| **España 11/10** | -0,2 | -1,1 | -2,9 | 6,3 | 19,9 | 1,8 | | | |

**Mulleres**

| | Poboación > 16 anos | Activos | Ocupados | Parados | na procura 1º emprego | Inactivos | Taxa actividade | Taxa ocupación | Taxa paro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | 1.241,8 | 611,4 | 499,6 | 111,9 | 9,5 | 630,5 | 49,2 | 40,2 | 18,3 |
| A Coruña | 511,1 | 263,6 | 219,0 | 44,6 | 2,6 | 247,5 | 51,6 | 42,9 | 16,9 |
| Lugo | 156,0 | 73,1 | 63,9 | 9,2 | 1,5 | 82,9 | 46,9 | 41,0 | 12,6 |
| Ourense | 147,9 | 63,4 | 51,3 | 12,1 | 1,3 | 84,6 | 42,8 | 34,7 | 19,0 |
| Pontevedra | 426,8 | 211,3 | 165,3 | 46,0 | 4,2 | 215,6 | 49,5 | 38,7 | 21,8 |
| **España** | 19.697,0 | 10.423,0 | 8.113,3 | 2.309,7 | 253,0 | 9.274,1 | 52,9 | 41,2 | 22,2 |
| | | | | *(%)* | | | | | |
| **Galicia / España** | 6,3 | 5,9 | 6,2 | 4,8 | 3,8 | 6,8 | | | |
| **Galicia 11/10** | -0,3 | 2,4 | -0,1 | 14,8 | 4,5 | -2,7 | | | |
| **España 11/10** | 0,2 | 1,5 | -0,7 | 9,8 | 26,6 | -1,1 | | | |

(1) en miles de persoas
Fonte: *INE*

**2.1.4.**

### Poboación activa en Galicia e España 2008-11 (1): distribución segundo sexo

| | Galicia 2007 | Galicia 2008 | Galicia 2009 | Galicia 2010 | Galicia 2011 | España 2007 | España 2008 | España 2009 | España 2010 | España 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | *(en miles de persoas)* |
| **Total** | 1.292,0 | 1.314,8 | 1.317,3 | 1.301,0 | 1.311,2 | 22.189,9 | 22.848,2 | 23.037,5 | 23.088,9 | 23.103,6 |
| Homes | 719,5 | 726,4 | 712,5 | 703,7 | 699,9 | 12.802,5 | 13.031,7 | 12.938,5 | 12.819,2 | 12.680,7 |
| Mulleres | 572,5 | 588,4 | 604,8 | 597,3 | 611,4 | 9387,,4 | 9.816,5 | 10.099,0 | 10.269,7 | 10.423,0 |

(1) en medias anuais
Fonte: *INE*

**2.1.5.**

**Taxas de actividade, ocupación e paro en Galicia e España 2007-11**

**Total**

| | Galicia actividade | Galicia ocupación | Galicia paro | España actividade | España ocupación | España paro |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **2007** | 54,3 | 50,1 | 7,6 | 58,9 | 54,0 | 8,3 |
| **2008** | 55,1 | 50,3 | 8,7 | 59,8 | 53,0 | 15,3 |
| **2009** | 55,2 | 48,3 | 12,6 | 59,9 | 49,1 | 18,0 |
| **2010** | 54,6 | 46,2 | 15,4 | 60,0 | 48,0 | 20,1 |
| **2011** | 55,2 | 45,6 | 17,4 | 60,0 | 47,0 | 21,6 |
| **I** | 54,9 | 45,4 | 17,3 | 59,9 | 47,1 | 21,3 |
| **II** | 55,1 | 45,9 | 16,8 | 60,1 | 47,6 | 20,9 |
| **III** | 55,3 | 45,7 | 17,3 | 60,1 | 47,2 | 21,5 |
| **IV** | 55,3 | 45,2 | 18,3 | 59,9 | 46,2 | 22,9 |

**Varóns**

| | Galicia actividade | Galicia ocupación | Galicia paro | España actividade | España ocupación | España paro |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **2007** | 63,3 | 59,7 | 5,7 | 69,3 | 64,9 | 6,3 |
| **2008** | 63,7 | 58,9 | 7,4 | 69,5 | 62,5 | 10,1 |
| **2009** | 62,5 | 55,1 | 11,8 | 68,6 | 56,8 | 17,7 |
| **2010** | 61,8 | 52,8 | 14,6 | 68,1 | 54,7 | 19,7 |
| **2011** | 61,7 | 51,8 | 16,6 | 67,5 | 53,1 | 21,2 |
| **I** | 61,6 | 51,4 | 16,7 | 67,4 | 53,4 | 20,8 |
| **II** | 61,7 | 51,8 | 16,0 | 67,4 | 53,6 | 20,6 |
| **III** | 61,9 | 51,8 | 16,3 | 67,6 | 53,4 | 21,0 |
| **IV** | 61,5 | 52,1 | 17,6 | 67,3 | 52,2 | 22,5 |

**Mulleres**

| | Galicia actividade | Galicia ocupación | Galicia paro | España actividade | España ocupación | España paro |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **2007** | 46,0 | 41,4 | 10,1 | 48,9 | 43,6 | 10,9 |
| **2008** | 47,2 | 42,3 | 10,4 | 50,5 | 43,9 | 13,0 |
| **2009** | 48,5 | 41,9 | 13,6 | 51,6 | 42,1 | 18,4 |
| **2010** | 48,0 | 40,1 | 16,3 | 52,3 | 41,6 | 20,5 |
| **2011** | 49,2 | 40,2 | 18,3 | 52,9 | 41,2 | 22,2 |
| **I** | 48,8 | 39,9 | 18,1 | 52,7 | 41,1 | 21,9 |
| **II** | 49,2 | 39,8 | 17,7 | 53,1 | 41,8 | 21,3 |
| **III** | 49,3 | 40,7 | 18,3 | 52,9 | 41,2 | 22,1 |
| **IV** | 49,7 | 40,2 | 19,1 | 52,9 | 40,6 | 23,3 |

Fonte: *INE*

**2.1.6.**

anos e a taxa de paro, no 17,4% da poboación activa.

A ocupación media en Galicia descendeu en 2011 ata o 1.083.000 persoas, en torno aos 17.700 ocupados menos que no ano anterior (1,6% menos), o que reflicte de novo unha contracción da poboación ocupada ao longo do ano 2011. Atendendo á evolución ao longo do ano, os datos reflectidos no **cadro 2.1.8.** amosan que nos catro trimestres do ano 2011 se rexistraron taxas de variación interanual da poboación ocupada e asalariada negativas. Así mesmo, constátase un forte incremento da poboación parada, con taxas de variación interanual que acadaron o 18,1% no último trimestre do ano, e taxas de variación en torno ao 14% nos catro trimestres do ano 2011, aínda que máis moderadas que as sufridas en calquera dos catro trimestres do ano 2010.

A negativa evolución do mercado de traballo galego no ano 2011 mostra, a diferenza do acontecido no ano precedente, unha maior moderación na caída do número de asalariados, e, seguindo a tendencia do ano 2010, un maior incremento na taxa de variación interanual do número de parados, en relación, en ámbolos dous casos, ás taxas de variación interanual que se acadan no conxunto do Estado.

O descenso en torno ás 17.700 persoas ocupadas en Galicia no ano 2011, respecto ás estimadas no ano anterior, centrouse maioritariamente na poboación masculina fronte ao leve descenso

**Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2011: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica (1)**

| | Galicia | | | España | | | Galicia / España (%) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Varóns | Mulleres | Total | Varóns | Mulleres | Total | Varóns | Mulleres |
| **Pob. de 16-19 anos** | | | | | | | | | |
| Total | 90,6 | 46,4 | 44,2 | 1.766,7 | 906,3 | 860,4 | 5,1 | 5,1 | 5,1 |
| Activos | 14,7 | 9,1 | 5,6 | 342,7 | 194,6 | 148,1 | 4,3 | 4,7 | 3,8 |
| Ocupados | 7,6 | 4,9 | 2,7 | 123,1 | 69,3 | 53,8 | 6,2 | 7,1 | 5,0 |
| Parados | 7,1 | 4,3 | 2,8 | 219,7 | 125,3 | 94,4 | 3,2 | 3,4 | 3,0 |
| Na procura 1º emprego | 4,5 | 2,7 | 1,8 | 138,9 | 77,9 | 61,0 | 3,2 | 3,5 | 3,0 |
| Inactivos | 75,8 | 37,2 | 38,6 | 1.423,9 | 711,7 | 712,2 | 5,3 | 5,2 | 5,4 |
| **Pob. de 20-24 anos** | | | | | | | | | |
| Total | 133,9 | 67,9 | 66,0 | 2.491,4 | 1.265,4 | 1.226,0 | 5,4 | 5,4 | 5,4 |
| Activos | 72,5 | 40,3 | 32,2 | 1.571,3 | 819,6 | 751,7 | 4,6 | 4,9 | 4,3 |
| Ocupados | 46,8 | 25,6 | 21,2 | 901,9 | 455,6 | 446,3 | 5,2 | 5,6 | 4,8 |
| Parados | 25,7 | 14,7 | 11,0 | 669,4 | 364,1 | 305,3 | 3,8 | 4,0 | 3,6 |
| Na procura 1º emprego | 5,5 | 3,0 | 2,5 | 145,0 | 67,8 | 77,2 | 3,8 | 4,4 | 3,2 |
| Inactivos | 61,5 | 27,6 | 33,9 | 920,1 | 445,8 | 474,3 | 6,7 | 6,2 | 7,1 |
| **Pob. de 25-54 anos** | | | | | | | | | |
| Total | 1.219,3 | 608,2 | 611,1 | 21.350,4 | 10.811,3 | 10.539,1 | 5,7 | 5,6 | 5,8 |
| Activos | 1.041,0 | 551,2 | 489,8 | 18.367,0 | 10.007,2 | 8.359,8 | 5,7 | 5,5 | 5,9 |
| Ocupados | 864,8 | 464,0 | 400,8 | 14.660,2 | 8.049,2 | 6.611,0 | 5,9 | 5,8 | 6,1 |
| Parados | 176,2 | 87,2 | 89,0 | 3.706,8 | 1.958,0 | 1.748,8 | 4,8 | 4,5 | 5,1 |
| Na procura 1º emprego | 7,1 | 2,5 | 4,6 | 130,4 | 40,1 | 90,3 | 5,4 | 6,2 | 5,1 |
| Inactivos | 178,3 | 57,0 | 121,3 | 2.983,5 | 804,1 | 2.179,4 | 6,0 | 7,1 | 5,6 |
| **Pob. maior de 55 anos** | | | | | | | | | |
| Total | 933,3 | 412,7 | 520,6 | 12.888,8 | 5.817,3 | 7.071,5 | 7,2 | 7,1 | 7,4 |
| Activos | 183,1 | 99,2 | 83,9 | 2.822,6 | 1.659,3 | 1.163,3 | 6,5 | 6,0 | 7,2 |
| Ocupados | 163,9 | 89,0 | 74,9 | 2.419,4 | 1.417,3 | 1.002,1 | 6,8 | 6,3 | 7,5 |
| Parados | 19,4 | 10,3 | 9,1 | 403,2 | 242,0 | 161,2 | 4,8 | 4,3 | 5,6 |
| Na procura 1º emprego | 0,6 | - | 0,6 | 7,1 | 0,5 | 6,6 | - | - | - |
| Inactivos | 750,2 | 313,5 | 436,7 | 10.066,3 | 4.158,1 | 5.908,2 | 7,5 | 7,5 | 7,4 |
| **Pob. > 16 anos** | | | | | | | | | |
| Total | 2.376,9 | 1.135,1 | 1.241,8 | 38.497,2 | 18.800,2 | 19.697,0 | 6,2 | 6,0 | 6,3 |
| Activos | 1.311,3 | 699,9 | 611,4 | 23.103,7 | 12.680,7 | 10.423,0 | 5,7 | 5,5 | 5,9 |
| Ocupados | 1.083,0 | 583,4 | 499,6 | 18.104,7 | 9.991,4 | 8.113,3 | 6,0 | 5,8 | 6,2 |
| Parados | 228,2 | 116,4 | 111,8 | 4.999,0 | 2.689,3 | 2.309,7 | 4,6 | 4,3 | 4,8 |
| Na procura 1º emprego | 17,7 | 8,2 | 9,5 | 421,3 | 186,3 | 235,0 | 4,2 | 4,4 | 4,0 |
| Inactivos | 1.065,8 | 435,3 | 630,5 | 15.393,7 | 6.119,6 | 9.274,1 | 6,9 | 7,1 | 6,8 |

(1) en miles de persoas
Fonte:*INE*

**2.1.7.**

mostrado pola poboación ocupada feminina, así mesmo, repartiuse de xeito xeneralizado en todos os grupos de idade, agás nos maiores de 55 anos que incrementaron a súa ocupación en 2.925 persoas. O grupo de idade cun maior descenso en termos absolutos na súa ocupación foi o das persoas entre 25 e 54 anos, con 13.675 ocupados menos. O descenso da poboación ocupada en Galicia foi porcentualmente inferior ao sufrido no conxunto do Estado, pero o peso porcentual da poboación ocupada galega sobre o total estatal mantense estabilizado no 6%.

Nunha análise da evolución sectorial da ocupación, obsérvase que en 2011 o emprego se reduce en todos os sectores produtivos, agás na industria.

O sector industrial, despois de sufrir unha forte caída da ocupación no ano 2010, caída superior ao 11% en relación ao ano 2009, no ano 2011 este sector incrementa a súa ocupación nun 2,3% de media anual. No primeiro trimestre do ano 2011 o sector industrial, acadou unha variación interanual negativa do 0,6%, sen embargo, a varia-

**Poboación activa, ocupada, asalariada e parada en Galicia e España 2010-11: distribución segundo sexo**

**Total**

| | Galicia activos | Galicia ocupados | Galicia asalariados | Galicia parados | España activos | España ocupados | España asalariados | España parados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(taxa de variación interanual)* | | | | | | | |
| **2010** | -1,2 | -4,4 | -4,0 | 20,7 | 0,2 | -2,3 | -2,1 | 11,7 |
| **2011** | 0,8 | -1,6 | -1,8 | 14,0 | 0,1 | -1,9 | -1,6 | 7,9 |
| I | 0,7 | -1,5 | -2,7 | 12,9 | 0,2 | -1,3 | -0,9 | 6,5 |
| II | 1,2 | -0,2 | -0,5 | 8,8 | 0,1 | -0,9 | -0,5 | 4,1 |
| III | 0,0 | -2,8 | -2,8 | 16,0 | 0,1 | -2,1 | -1,8 | 8,8 |
| IV | 1,3 | -1,9 | -1,1 | 18,1 | -0,1 | -3,3 | -3,2 | 12,3 |

**Varóns**

| | Galicia activos | Galicia ocupados | Galicia asalariados | Galicia parados | España activos | España ocupados | España asalariados | España parados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(taxa de variación interanual)* | | | | | | | |
| **2010** | -1,2 | -4,4 | -4,2 | 22,8 | -0,9 | -3,3 | -3,5 | 10,5 |
| **2011** | -0,5 | -2,9 | -3,1 | 13,2 | -1,1 | -2,9 | -2,5 | 6,3 |
| I | -0,2 | -2,7 | -4,4 | 14,2 | -0,8 | -1,8 | -1,3 | 3,2 |
| II | -0,1 | -1,6 | -2,1 | 8,3 | -1,5 | -2,6 | -2,3 | 2,8 |
| III | -1,4 | -4,1 | -4,0 | 14,8 | -1,2 | -3,3 | -2,6 | 7,8 |
| IV | -0,4 | -3,2 | -2,1 | 15,3 | -0,9 | -4,0 | -3,7 | 11,6 |

**Mulleres**

| | Galicia activos | Galicia ocupados | Galicia asalariados | Galicia parados | España activos | España ocupados | España asalariados | España parados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(taxa de variación interanual)* | | | | | | | |
| **2010** | -1,2 | -4,4 | -3,7 | 18,7 | 1,7 | -0,9 | -0,5 | 13,3 |
| **2011** | 2,4 | -0,8 | -0,2 | 14,8 | 1,5 | -1,2 | -0,6 | 9,8 |
| I | 1,9 | -0,1 | -0,6 | 11,7 | 1,5 | -0,8 | -0,4 | 10,5 |
| II | 2,7 | -1,4 | 1,3 | 9,3 | 2,1 | -1,2 | 1,6 | 5,6 |
| III | 1,6 | -1,3 | -1,4 | 17,2 | 1,6 | -0,6 | -0,9 | 10,0 |
| IV | 3,2 | -0,3 | 0,0 | 21,1 | 0,8 | -2,4 | -2,6 | 13,1 |

Fonte: *INE*

**2.1.8.**

ción da ocupación foi positiva nos tres trimestres restantes, acadando valores en torno ao 3% de incremento da súa ocupación en relación aos mesmos trimestres do ano anterior. En termos absolutos, o sector industrial é, tamén, o único sector que gaña en número de ocupados en relación ao ano anterior, con 3.900 persoas ocupadas máis no sector.

O sector cunha maior caída da poboación ocupada en termos de taxas de variación interanual, cun 13,2% de redución ao longo do ano 2011, foi a construción, cunha caída da ocupación en termos absolutos de 13.900 persoas.

Na desagregación por ramas de actividade, tendo en conta os datos de afiliación á Seguridade Social e, considerando aquelas actividades que teñen máis de 5.000 afiliados, que, conxuntamente acollen a máis do 90% da afiliación en Galicia, observamos como a maior caída porcentual de afiliación se corresponde coa actividades de "construción de edificios", cunha redución do 14,7%, seguida das "actividades de construción especializada" cun 10,1% menos de afiliados á Seguridade Social que no ano anterior. No caso contrario, as actividades englobadas dentro da rama de "asistencia en establecementos residenciais", incrementan a súa afiliación nun 11,6%, as "actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas" cun incremento do 8,4% ou as actividades de "programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática" co 6% máis, entre outras, incrementan o número de afiliados no ano 2011.

En termos absolutos, a rama de actividade cunha merma de afiliación máis importante é a de "construción especializada ", con 6.156 afiliados

**Afiliacións á Seguridade Social 2010-11: distribución segundo principais ramas de actividade**

| | 2010 | 2011 | 11/10 |
|---|---|---|---|
| 47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas | 106.257 | 108.543 | 2,15 |
| 84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria | 63.287 | 62.310 | -1,54 |
| 56 Servizos de comidas e bebidas | 59.007 | 59.461 | 0,77 |
| 86 Actividades sanitarias | 55.576 | 55.458 | -0,21 |
| 43 Actividades de construción especializada | 60.805 | 54.649 | -10,12 |
| 46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas | 51.224 | 48.858 | -4,62 |
| 01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas | 47.513 | 45.184 | -4,90 |
| 41 Construción de edificios | 41.716 | 35.592 | -14,68 |
| 49 Transporte terrestre e por tubaxe | 33.435 | 32.255 | -3,53 |
| 85 Educación | 31.205 | 31.010 | -0,62 |
| 10 Industria da alimentación | 27.088 | 27.203 | 0,42 |
| 81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría | 25.337 | 25.373 | 0,14 |
| 45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas | 23.273 | 22.646 | -2,69 |
| 03 Pesca e acuicultura | 22.001 | 21.516 | -2,20 |
| 97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico | 20.953 | 20.851 | -0,49 |
| 96 Outros servizos persoais | 17.728 | 17.877 | 0,84 |
| 25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento | 17.174 | 16.301 | -5,08 |
| 29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques | 15.826 | 14.966 | -5,43 |
| 69 Actividades xurídicas e de contabilidade | 13.154 | 13.135 | -0,14 |
| 64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións | 13.985 | 13.029 | -6,84 |
| 71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas | 12.263 | 11.731 | -4,34 |
| 14 Confección de roupa de vestir | 11.342 | 10.858 | -4,27 |
| 52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte | 10.318 | 10.365 | 0,46 |
| 23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | 10.646 | 9.780 | -8,13 |
| 16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestaría e espartaría | 10.024 | 9.481 | -5,42 |
| 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento | 8.805 | 9.074 | 3,06 |
| 87 Asistencia en establecementos residenciais | 8.089 | 9.030 | 11,63 |
| 55 Servizos de aloxamento | 9.314 | 9.005 | -3,32 |
| Non clasificados | 8.790 | 8.370 | -4,78 |
| 82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas | 7.705 | 8.356 | 8,45 |
| 94 Actividades asociativas | 7.985 | 7.542 | -5,55 |
| 93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento | 7.011 | 7.193 | 2,60 |
| 30 Fabricación doutro material de transporte | 7.745 | 7.061 | -8,83 |
| 78 Actividades relacionadas co emprego | 7.131 | 6.931 | -2,80 |
| 42 Enxeñaría civil | 6.387 | 5.994 | -6,15 |
| 33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | 5.918 | 5.868 | -0,84 |
| 62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática | 5.526 | 5.858 | 6,01 |
| 66 Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros | 5.561 | 5.660 | 1,78 |
| 80 Actividades de seguranza e investigación | 5.564 | 5.342 | -3,99 |
| 95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico | 5.689 | 5.314 | -6,59 |

(1) ramas CNAE 2009; dende o ano 2009, a rama "non clasificados" inclúe tamén ó colectivo pertencente ós Convenios Especiais de coidadores de persoas dependentes
Fonte: *IGE*

**2.1.9.**

menos que no ano 2010, seguida pola actividade de “construción de edificios” con 6.124 afiliados menos; fora do sector da construción, a actividade que en termos absolutos perde máis afiliados no ano 2011 é a de “Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas” con 2.366 afiliados menos. As ramas de actividade que, en termos absolutos, presentan valores positivos son, entre outras, a xa citada rama de “Asistencia en establecementos residenciais” con 941 novas afiliación. Neste punto é importante destacar a perda de afiliación da rama de “non clasificados” que inclúe ao colectivo pertencente ós Convenios Especiais de coidadores de persoas dependentes, que no ano 2011 perde máis de 400 afiliados, cando no ano 2010 incrementara en máis de 4.000 o seu número.

As “actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas” con 651 afiliados máis ou as actividades de “servizos de comidas e bebidas” con 454 afiliados máis, son, entre outras, as ramas de actividade que incrementan o seu número de afiliados no ano 2011.

**Poboación ocupada en Galicia e España 2011: distribución segundo sectores económicos, situación profe**

*(en miles de persoas)*

| | Galicia | | | España | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| **Total** | 583,4 | 499,6 | 1.083,0 | 9.991,4 | 8.113,3 |
| **Sectores económicos** | | | | | |
| Agricultura e pesca | 46,8 | 36,4 | 83,2 | 561,5 | 198,7 |
| Industria | 126,9 | 48,6 | 175,6 | 1.941,7 | 613,7 |
| Construción | 84,4 | 7,0 | 91,3 | 1.290,5 | 102,5 |
| Servizos | 325,4 | 407,6 | 733,0 | 6.197,9 | 7.198,4 |
| **Situación profesional** | | | | | |
| Traballadores por conta propia | 137,0 | 97,9 | 234,8 | 1.993,1 | 998,1 |
| Empregador | 47,2 | 23,3 | 70,5 | 673,6 | 268,0 |
| Empresarios sen asalariados | 83,2 | 68,8 | 151,9 | 1.241,7 | 637,8 |
| Membros cooperativas | 0,6 | 0,6 | 1,2 | 20,3 | 12,1 |
| Axudas familiares | 6,1 | 5,2 | 11,3 | 57,5 | 80,2 |
| Asalariados | 446,3 | 401,6 | 847,9 | 7.994,2 | 7.111,2 |
| Sector público | 88,8 | 109,2 | 198,0 | 1.463,3 | 1.726,8 |
| Sector privado | 357,6 | 292,4 | 650,0 | 6.531,0 | 5.384,4 |
| Outra situación | 0,1 | 0,1 | 0,3 | 4,1 | 3,9 |
| **Ocupación** | | | | | |
| Directores e xerentes | 30,4 | 13,9 | 44,4 | 632,3 | 267,9 |
| Técnicos e profesionais científicos e intelect. | 67,2 | 91,8 | 159,0 | 1.323,9 | 1.574,4 |
| Técnicos e profesionais de apoio | 68,7 | 42,0 | 110,7 | 1.178,4 | 712,4 |
| Empregados contables, admons. e outros empregados ofic. | 35,9 | 59,5 | 95,4 | 639,9 | 1.193,2 |
| Trab.servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc. | 80,9 | 158,6 | 239,5 | 1.545,3 | 2.424,8 |
| Trab. cualificado no sector primario | 37,1 | 32,5 | 69,6 | 357,6 | 106,7 |
| Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad. | 140,9 | 13,6 | 154,5 | 2.056,2 | 163,8 |
| Operadores | 77,1 | 16,6 | 93,7 | 1.249,8 | 179,4 |
| Ocupacións elementais | 37,2 | 70,2 | 107,3 | 921,0 | 1.478,8 |
| Ocupacións militares | 8,1 | 0,8 | 9,0 | 87,2 | 12,0 |
| **Grupos de idade** | | | | | |
| 16-19 anos | 4,9 | 2,7 | 7,6 | 69,3 | 53,8 |
| 20-24 anos | 25,6 | 21,2 | 46,8 | 455,6 | 446,3 |
| 25-34 anos | 141,3 | 128,6 | 269,9 | 2.483,8 | 2.197,0 |
| 35-44 anos | 174,9 | 146,3 | 321,2 | 3.066,6 | 2.436,6 |
| 45-54 anos | 147,8 | 126,0 | 273,7 | 2.498,9 | 1.977,4 |
| 55 e máis anos | 89,0 | 74,9 | 163,8 | 1.417,3 | 1.002,1 |
| **Nivel de formación acadado** | | | | | |
| Analfabetos | 0,2 | 0,2 | 0,4 | 28,2 | 21,4 |
| Educación primaria | 51,4 | 47,0 | 98,4 | 1.215,4 | 808,7 |
| Educación secundaria | 338,5 | 249,1 | 587,6 | 5.319,7 | 3.838,4 |
| Primeira etapa | 208,8 | 140,9 | 349,7 | 2.955,1 | 1.851,2 |
| Segunda etapa | 129,7 | 108,3 | 237,9 | 2.364,6 | 1.987,2 |
| Formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa) | 0,1 | 0,3 | 0,4 | 4,0 | 1,6 |
| Educación superior, agás doutorado | 187,2 | 199,1 | 386,4 | 3.329,1 | 3.381,9 |
| Doutorado | 6,1 | 3,9 | 10,0 | 94,9 | 61,4 |

Fonte: *INE*

**2.1.10.**

Tendo en conta os datos proporcionados pola EPA, **cadro 2.1.11.**, obsérvase como, salvo no sector industria que presenta incrementos nos niveis de ocupación, os datos trimestrais reflicten como a tendencia á ralentización na destrución de emprego que parecía iniciarse no ano 2010, rómpese no ano 2011 volvendo a taxas de variación negativas da ocupación na agricultura e pesca do 4%, con máis de 3.000 ocupados menos que no ano 2010, do -13,2% no sector da construción, con case 14.000 ocupados menos, e do -0,6% nos servizos con máis de 4.000 persoas menos ocupadas no sector. O feito de que o sector da construción sexa o que segue perdendo un maior volume de ocupación no ano 2011, ten como consecuencia directa que máis do 98% da

**sional, ocupación, idade e nivel de formación acadada**

| | Galicia/España | | | 11/10 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| | | (%) | | | (%) | |
| 18.104,6 | 5,8 | 6,2 | 6,0 | -2,9 | -0,1 | -1,6 |
| 760,2 | 8,3 | 18,3 | 10,9 | -7,9 | 1,5 | -4,0 |
| 2.555,3 | 6,5 | 7,9 | 6,9 | 1,5 | 4,4 | 2,3 |
| 1.393,0 | 6,5 | 6,8 | 6,6 | -13,0 | -16,3 | -13,2 |
| 13.396,3 | 5,2 | 5,7 | 5,5 | -0,8 | -0,4 | -0,6 |
| 2.991,2 | 6,9 | 9,8 | 7,8 | -2,0 | 0,5 | -1,0 |
| 941,6 | 7,0 | 8,7 | 7,5 | -3,2 | 2,6 | -1,2 |
| 1.879,5 | 6,7 | 10,8 | 8,1 | -1,7 | 0,7 | -0,6 |
| 32,4 | 3,1 | 4,8 | 3,6 | 110,0 | 16,0 | 47,5 |
| 137,8 | 10,6 | 6,5 | 8,2 | -3,5 | -11,4 | -7,5 |
| 15.105,5 | 5,6 | 5,6 | 5,6 | -3,2 | -0,2 | -1,8 |
| 3.190,0 | 6,1 | 6,3 | 6,2 | 2,5 | -0,6 | 0,8 |
| 11.915,5 | 5,5 | 5,4 | 5,5 | -4,5 | 0,0 | -2,5 |
| 8,0 | 3,2 | 3,3 | 3,1 | -35,0 | -35,0 | -37,5 |
| 900,2 | 4,8 | 5,2 | 4,9 | -15,5 | 2,1 | -10,7 |
| 2.898,2 | 5,1 | 5,8 | 5,5 | -3,3 | 4,2 | 0,9 |
| 1.890,8 | 5,8 | 5,9 | 5,9 | -13,7 | -29,2 | -20,3 |
| 1.833,0 | 5,6 | 5,0 | 5,2 | 26,6 | 33,1 | 30,5 |
| 3.970,2 | 5,2 | 6,5 | 6,0 | -0,1 | -3,5 | -2,4 |
| 464,3 | 10,4 | 30,5 | 15,0 | -5,6 | 5,9 | -0,6 |
| 2.219,9 | 6,9 | 8,3 | 7,0 | -2,7 | 0,1 | -2,4 |
| 1.429,2 | 6,2 | 9,3 | 6,6 | -1,8 | 18,8 | 1,3 |
| 2.399,8 | 4,0 | 4,7 | 4,5 | 1,8 | -0,8 | 0,1 |
| 99,3 | 9,3 | 6,9 | 9,0 | 9,9 | 38,3 | 11,2 |
| 123,1 | 7,0 | 5,1 | 6,2 | -14,9 | -9,0 | -12,6 |
| 901,9 | 5,6 | 4,7 | 5,2 | -12,2 | -9,8 | -11,2 |
| 4.680,8 | 5,7 | 5,9 | 5,8 | -6,7 | -5,9 | -6,3 |
| 5.503,2 | 5,7 | 6,0 | 5,8 | 0,2 | 0,9 | 0,6 |
| 4.476,3 | 5,9 | 6,4 | 6,1 | -0,8 | 3,2 | 0,9 |
| 2.419,4 | 6,3 | 7,5 | 6,8 | -2,3 | 7,2 | 1,8 |
| 49,6 | 0,6 | 0,9 | 0,7 | -28,0 | -42,9 | -41,7 |
| 2.024,0 | 4,2 | 5,8 | 4,9 | -11,6 | 9,1 | -2,8 |
| 9.158,0 | 6,4 | 6,5 | 6,4 | -4,5 | -2,1 | -3,5 |
| 4.806,3 | 7,1 | 7,6 | 7,3 | -7,5 | -8,7 | -8,0 |
| 4.351,8 | 5,5 | 5,4 | 5,5 | 0,7 | 8,0 | 3,9 |
| 5,6 | - | - | - | - | - | - |
| 6.711,0 | 5,6 | 5,9 | 5,8 | 2,4 | 0,2 | 1,2 |
| 156,3 | 6,4 | 6,3 | 6,4 | 22,0 | 26,2 | 22,8 |

ocupación perdida no ano 2011 en Galicia afecte a homes, fronte a un descenso de ocupación feminina que en conxunto foi de 400 mulleres ocupadas menos no ano 2011 en relación ao ano anterior.

Sen embargo, cómpre salientar o incremento na ocupación no sector da industria que pasa dunha taxa de variación interanual no ano 2010 do -11,5% a unha taxa positiva do 2,2% no ano 2011; acadando taxas de variación positivas nos tres últimos trimestres do ano.

A destrución de emprego afectou tanto a traballadores por conta propia como a asalariados, (**cadro 2.1.10.**), sendo o grupo cunha maior destrución de emprego en termos absolutos o de asalariados no sector privado, con 16.800 persoas empregadas menos, que representa o 95% da perda de ocupación total en Galicia no ano 2011.

No ano 2011 traballaron por conta allea en Galicia un total de 847.900 persoas, das que o 52,3% foron homes. En relación ao ano 2010, rexístrase un descenso tanto no número de homes como de mulleres asalariadas, 14.600 homes asalariados menos e 800 mulleres asalariadas menos en 2011.

Atendendo á súa ocupación, os datos do cadro **2.1.10.** amosan que os maiores descensos rexistráronse no grupo de “técnico e profesionais de apoio”, con 28.300 empregados menos, e no grupo de “directores e xerentes”, con 5.300 persoas menos. Pola contra, o emprego nos “empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina” foi o que máis se incrementou, con 22.300 persoas ocupadas máis que no ano anterior.

O 35,7% da poboación ocupada galega acredita estudios superiores (agás doutoramento) e o 32,3% dos ocupados, estudios secundarios (primeira etapa). Ao igual que en anos precedentes, o número de mulleres con estudios superiores segue sendo máis alto que o dos homes, representando o 39,8% das mulleres ocupadas e o 32,1% da poboación ocupada masculina.

**Poboación ocupada en Galicia e España 2007-11: distribución segundo sector**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | agricultura e pesca | industria | construción | servizos | agricultura e pesca | industria | construción | servizos |
| | | | | *(en miles de persoas)* | | | | |
| **2007** | 103,1 | 217,3 | 147,3 | 725,7 | 862,6 | 3.240,0 | 2.739,6 | 13.513,9 |
| **2008** | 93,8 | 215,3 | 134,1 | 756,5 | 818,9 | 3.198,9 | 2.453,4 | 13.786,4 |
| **2009** | 91,6 | 194,1 | 115,7 | 750,1 | 796,1 | 2.775,0 | 1.888,3 | 13.438,7 |
| **2010** | 86,6 | 171,7 | 105,2 | 737,2 | 793,0 | 2.610,5 | 1.650,8 | 13.402,2 |
| **2011** | 83,2 | 175,5 | 91,3 | 733,0 | 760,2 | 2.555,3 | 1.393,0 | 13.396,3 |
| **I** | 83,6 | 171,0 | 95,0 | 731,1 | 783,2 | 2.540,8 | 1.494,0 | 13.333,7 |
| **II** | 83,1 | 178,7 | 93,7 | 735,9 | 741,2 | 2.577,7 | 1.430,2 | 13.553,9 |
| **III** | 85,7 | 179,6 | 90,2 | 731,4 | 707,7 | 2.576,3 | 1.370,7 | 13.501,5 |
| **IV** | 80,2 | 172,9 | 86,4 | 733,4 | 808,5 | 2.526,3 | 1.276,9 | 13.195,9 |
| | | | | *(taxa de variación interanual)* | | | | |
| **2008** | -9,0 | -0,9 | -9,0 | 4,2 | -5,1 | -1,3 | -10,4 | 2,0 |
| **2009** | -2,3 | -9,8 | -13,7 | -0,8 | -2,8 | -13,3 | -23,0 | -2,5 |
| **2010** | -5,5 | -11,5 | -9,1 | -1,7 | -0,4 | -5,9 | -12,6 | -0,3 |
| **2011** | -4,0 | 2,2 | -13,2 | -0,6 | -4,1 | -2,1 | -15,6 | 0,0 |

Fonte: *INE*

**2.1.11.**

| Asturias | 683 | 927 | 20.108 | 24.731 | 903 | 1.358 | 18.724 | 22.196 | 481 | 1.177 |
| Baleares | 182 | 322 | 1.861 | 3.235 | 574 | 848 | 923 | 1.494 | 364 | 893 |
| Canarias | 355 | 442 | 4.586 | 5.714 | 1.485 | 2.690 | 2.657 | 2.243 | 444 | 781 |
| Cantabria | 393 | 576 | 6.300 | 7.599 | 525 | 924 | 5.415 | 5.795 | 360 | 880 |
| Castela-A Mancha | 540 | 865 | 8.706 | 9.875 | 1.812 | 2.169 | 6.082 | 5.767 | 812 | 1.939 |
| Castela e León | 1.039 | 1.376 | 19.088 | 23.275 | 3.187 | 4.137 | 15.319 | 17.305 | 582 | 1.833 |
| Cataluña | 3.318 | 3.555 | 65.170 | 55.432 | 13.663 | 11.884 | 29.385 | 21.938 | 22.122 | 21.610 |
| C. Valenciana | 2.810 | 3.473 | 35.384 | 45.322 | 6.608 | 9.484 | 26.218 | 28.170 | 2.558 | 7.668 |
| Estremadura | 203 | 340 | 2.367 | 3.504 | 703 | 746 | 1.019 | 1.606 | 645 | 1.152 |
| Galicia | 1.076 | 1.669 | 13.186 | 22.829 | 1.353 | 3.997 | 10.896 | 15.832 | 937 | 3.000 |
| Madrid | 1.179 | 1.438 | 30.135 | 42.908 | 9.527 | 13.756 | 16.528 | 20.994 | 4.080 | 8.158 |
| Murcia | 303 | 505 | 3.568 | 4.986 | 1.179 | 1.440 | 1.348 | 1.911 | 1.041 | 1.635 |
| Navarra | 470 | 538 | 8.845 | 10.885 | 964 | 1.426 | 7.829 | 8.892 | 52 | 567 |
| País Vasco | 2.171 | 1.773 | 43.889 | 28.492 | 2.519 | 3.055 | 40.213 | 23.105 | 1.157 | 2.332 |
| Rioxa (A) | 204 | 273 | 3.692 | 4.665 | 413 | 677 | 3.175 | 3.454 | 104 | 534 |
| Ceuta e Melilla | 4 | 19 | 32 | 158 | 19 | 61 | 4 | 55 | 9 | 42 |
| **Total** | 17.269 | 21.107 | 302.746 | 342.831 | 52.534 | 67.564 | 211.942 | 214.755 | 38.270 | 60.512 |

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

**2.2.5.**

### Repercusión das folgas nas CC.AA. 2010-11: traballadores participantes e xornadas non traballadas

| | 2010 | | 2011 | |
|---|---|---|---|---|
| | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas |
| Andalucía | 69.755 | 85.485 | 8.045 | 25.281 |
| Aragón | 3.969 | 6.787 | 7.138 | 16.512 |
| Asturias | 10.187 | 21.756 | 10.101 | 20.004 |
| Baleares | 501 | 723 | 423 | 403 |
| Canarias | 2.967 | 2.385 | 2.565 | 6.299 |
| Cantabria | 1.774 | 4.049 | 3.174 | 3.224 |
| Castela-A Mancha | 1.916 | 4.127 | 1.595 | 1.665 |
| Castela e León | 6.934 | 24.098 | 2.506 | 10.073 |
| Cataluña | 89.990 | 111.727 | 90.470 | 180.882 |
| C. Valenciana | 8.708 | 12.024 | 8.170 | 16.655 |
| Estremadura | 845 | 1.371 | 166 | 309 |
| Galicia | 15.491 | 21.864 | 11.336 | 17.543 |
| A Coruña | 3.067 | 5.622 | 6.328 | 4.607 |
| Lugo | 1.314 | 1.021 | 61 | 36 |
| Ourense | 600 | 960 | 62 | 41 |
| Pontevedra | 10.510 | 14.261 | 4.885 | 12.859 |
| Madrid | 32.027 | 36.378 | 34.951 | 39.316 |
| Murcia | 1.713 | 1.763 | 5.228 | 30.677 |
| Navarra | 19.902 | 31.404 | 15.297 | 29.453 |
| País Vasco | 73.672 | 305.066 | 20.254 | 85.852 |
| Rioxa (A) | 374 | 445 | 543 | 893 |
| Ceuta e Melilla | 51 | 46 | 12 | 13 |
| **Total** | 340.776 | 671.498 | 221.974 | 485.054 |

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

**2.2.6.**

de traballadores participantes en folgas situouse nas 11.336 persoas (en torno a 4.000 traballadores menos que no ano anterior), e o das xornadas non traballadas nas 17.543 xornadas (4.321 xornadas menos que o ano anterior). Esta redución en relación ao ano anterior é consecuencia, fundamentalmente do forte descenso no número de traballadores e xornadas non traballadas na provincia de Pontevedra, que segue a acoller o 73,3% das xornadas non traballadas en Galicia no ano 2011.

Por comunidades autónomas, Galicia é a quinta comunidade cunha maior incidencia de traballadores participantes en folgas, por detrás de Cataluña, Madrid, País Vasco e Navarra, e a oitava no cómputo de xornadas non traballadas. ■

# 2.3.
# Seguridade e saúde no traballo

**A mellora do nivel de seguridade** e saúde no traballo implica un incremento no grao de benestar social, mental e físico dos traballadores; nembargante a redución da sinistralidade laboral no ano 2011, seguindo a tendencia de anos anteriores, parece estar máis relacionada coa ralentización da actividade económica que coa mellora das citadas condicións.

No ano 2011 mantense a tendencia, iniciada no ano 2008, de descenso do número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, que se sitúa nos 31.149 accidentes, un 15,6% menos que no ano anterior.

Tras un descenso de máis do 14% en relación ao ano anterior (2.307 accidentes menos), a provincia de A Coruña segue a rexistrar o maior número de accidentes das catro provincias galegas, con 13.726 (44% do total de Galicia), por diante de Pontevedra, con 11.309 accidentes (36,4%). En relación ao ano 2011, Pontevedra é a provincia co descenso máis acusado tanto en termos absolutos como relativos, con 2.378 accidentes menos, o que representa unha diminución do 17,4%.

Este descenso dos accidentes rexistrouse tanto no caso dos accidentes leves e graves como dos mortais. Os accidentes leves diminuíron no total de Galicia un 15,5%, os graves un 22,8% e os mortais fixérono nun 18,8%.

Fronte ao descenso nas catro provincias galegas do número de accidentes leves, prodúcese un incremento do número de accidentes graves na provincia de Ourense e mortais nas provincias de A Coruña e Lugo, cun accidente mortal máis que no ano precedente en ámbolos dous casos.

O sector servizos segue sendo o que experimenta o maior número de accidentes laborais, con 13.568 accidentes (o 43,5% dos accidentes con baixa en xornada de traballo en Galicia), seguido polo sector industrial, que rexistrou 9.220 accidentes (o 29,6%), e a construción, con 5.724 accidentes (o 18,4% dos accidentes en Galicia).

**Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2010-11: distribución segundo a gravidade e sector económico**

| | Totais | | | Leves | | | Graves | | | Mortais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2010 | 2011 | 11/10 (%) | 2010 | 2011 | 11/10 (%) | 2010 | 2011 | 11/10 (%) | 2010 | 2011 | 11/10 (%) |
| **Total accidentes** | 36.912 | 31.149 | -15,6 | 36.234 | 30.623 | -15,5 | 614 | 474 | -22,8 | 64 | 52 | -18,8 |
| A Coruña | 16.033 | 13.726 | -14,4 | 15.760 | 13.514 | -14,3 | 250 | 188 | -24,8 | 23 | 24 | 4,3 |
| Lugo | 3.631 | 3.167 | -12,8 | 3.543 | 3.094 | -12,7 | 78 | 62 | -20,5 | 10 | 11 | 10,0 |
| Ourense | 3.561 | 2.947 | -17,2 | 3.500 | 2.895 | -17,3 | 51 | 52 | 2,0 | 10 | - | -100,0 |
| Pontevedra | 13.687 | 11.309 | -17,4 | 13.431 | 11.120 | -17,2 | 235 | 172 | -26,8 | 21 | 17 | -19,0 |
| **Sectores** | | | | | | | | | | | | |
| Agricultura | 1.499 | 1.406 | -6,2 | 1.407 | 1.347 | -4,3 | 87 | 54 | -37,9 | 5 | 5 | 0,0 |
| Pesca | 1.338 | 1.231 | -8,0 | 1.271 | 1.182 | -7,0 | 59 | 41 | -30,5 | 8 | 8 | 0,0 |
| Industria | 11.217 | 9.220 | -17,8 | 11.065 | 9.102 | -17,7 | 141 | 110 | -22,0 | 11 | 8 | -27,3 |
| Construción | 7.596 | 5.724 | -24,6 | 7.432 | 5.604 | -24,6 | 150 | 111 | -26,0 | 14 | 9 | -35,7 |
| Servizos | 15.262 | 13.568 | -11,1 | 15.059 | 13.388 | -11,1 | 177 | 158 | -10,7 | 26 | 22 | -15,4 |

Fonte: *Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia*

**2.3.1.**

Os datos do **cadro 2.3.1.** reflicten unha forte diminución no número total de accidentes en todos os sectores económicos. O sector da construción é o que experimenta un maior descenso, un 24,6% de accidentes menos que no ano anterior, seguido da industria, cun descenso do 17,8%, e do sector servizos, co 11,1% menos de accidentes que en 2010.

Os accidentes leves no ano 2011 ascenderon a 30.623, dos que o 43,7% acontecen no sector servizos; producíndose o descenso porcentualmente máis importante deste tipo de accidentes no sector da construción, sector no que acontecen no ano 2011, 5.604 accidentes leves un 24,6% menos que no ano anterior.

Os accidentes graves no ano 2011 foron 474, 140 menos que no ano 2010, o 33,3% dos mesmos acontecen no sector servizos, sendo o sector agrícola o que reduce porcentualmente en maior medida o seu número, co 37,9% menos que no ano anterior.

Finalmente os accidentes mortais foron 52 no ano 2011, 12 menos que no anterior; como no caso dos accidentes leves e graves, o maior número de accidentes mortais se produce no sector servizos, con 22, producíndose o maior descenso en termos porcentuais no sector da construción co 35,7% de accidentes mortais menos que no ano anterior.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadou en Galicia os 3.695 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, 255 accidentes por cen mil afiliados máis que a media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, o **cadro 2.3.2.** reflicte que Galicia, tras un descenso de máis do 13% no número de accidentes con baixa laboral, mantense como a sexta comunidade co maior índice, tras Baleares, Asturias, Canarias, Castela-A Mancha e País Vasco.

Pontevedra segue a ser a provincia co índice máis elevado, con 4.128 accidentes por cada cen mil afiliacións, fronte aos 4.045 accidentes de A Coruña e os 3.738 e 3.278 accidentes por cada cen mil afiliacións en Ourense e Lugo, respectivamente.

A construción foi o sector de actividade con maior índice de incidencia, con 8.045 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, por diante da industria e a pesca, con 6.851 e 5.778 accidentes, respectivamente. Os índices máis baixos rexistráronse nos servizos e na agricultura, con 2.595 e 3.620 accidentes. En relación ao ano

### Índices de incidencia de accidentes de traballo nas CC.AA. 2010-11 (1)

| | Accidentes con baixa | | Accidentes mortais | |
|---|---|---|---|---|
| | 2010 | 2011 (2) | 2010 | 2011 (2) |
| Andalucía | 3.592 | 3.325 | 3,5 | 3,2 |
| Aragón | 3.361 | 3.103 | 5,2 | 5,1 |
| Asturias | 4.837 | 4.362 | 5,1 | 8,1 |
| Baleares | 4.937 | 4.672 | 3,3 | 1,8 |
| Canarias | 4.304 | 4.081 | 2,9 | 2,5 |
| Cantabria | 3.393 | 3.176 | 7,4 | 1,2 |
| Castela-A Mancha | 4.466 | 4.044 | 5,0 | 5,1 |
| Castela e León | 3.897 | 3.407 | 5,4 | 5,2 |
| Cataluña | 3.760 | 3.403 | 2,4 | 2,9 |
| C. Valenciana | 3.368 | 3.094 | 3,1 | 2,8 |
| Estremadura | 3.422 | 3.029 | 4,3 | 4,7 |
| Galicia | 4.254 | 3.695 | 7,5 | 6,1 |
| Madrid | 3.427 | 3.180 | 2,6 | 2,6 |
| Murcia | 3.554 | 3.337 | 6,4 | 4,2 |
| Navarra | 3.812 | 3.580 | 4,5 | 4,1 |
| País Vasco | 4.129 | 3.716 | 4,4 | 4,4 |
| A Rioxa | 3.927 | 3.645 | 5,9 | 2,0 |
| Ceuta | 4.798 | 3.403 | - | 5,8 |
| Melilla | 3.749 | 3.626 | - | 12,8 |
| Total | 3.765 | 3.440 | 3,8 | 3,6 |

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta
Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta
(2) datos 2011 son provisionais
Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

2.3.2.

### Índices de incidencia de accidentes de traballo con baixa 2010-11: distribución segundo sector

**2010**

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Total | 4.571,34 | 4.638,41 | 3.711,73 | 4.447,97 | 4.820,67 |
| Agricultura | 3.692,03 | 3.748,57 | 3.349,75 | 3.842,85 | 4.088,54 |
| Pesca | 6.144,38 | 10.963,92 | 8.377,24 | - | 3.892,98 |
| Industria | 7.985,33 | 7.674,97 | 6.095,92 | 8.112,01 | 8.648,13 |
| Construción | 9.286,97 | 9.383,65 | 7.588,57 | 9.174,65 | 9.828,23 |
| Servizos | 2.919,13 | 3.062,19 | 2.501,17 | 2.762,13 | 2.919,29 |

**2011**

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Total | 3.949,35 | 4.045,23 | 3.278,06 | 3.737,76 | 4.128,28 |
| Agricultura | 3.619,89 | 3.506,80 | 3.340,48 | 4.292,64 | 3.946,09 |
| Pesca | 5.777,72 | 10.066,53 | 8.378,67 | - | 3.651,71 |
| Industria | 6.850,89 | 7.042,09 | 4.929,29 | 6.907,65 | 7.085,55 |
| Construción | 8.044,75 | 8.013,41 | 6.636,72 | 7.468,76 | 8.825,61 |
| Servizos | 2.595,10 | 2.702,25 | 2.276,56 | 2.311,83 | 2.647,11 |

Fonte: *Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia*

2.3.3.

### Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns nas CC.AA. 2010-11

| | Duración media dos procesos con alta no período | | Incidencia media por cada 1.000 traballadores protexidos | | Número medio de procesos iniciados no período | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 |
| Andalucía | 43,38 | 33,39 | 20,67 | 27,58 | 52.482 | 68.719 |
| Aragón | 34,84 | 24,86 | 25,66 | 37,85 | 11.606 | 16.767 |
| Asturias | 53,29 | 36,86 | 22,48 | 33,95 | 7.116 | 10.475 |
| Baleares | 36,02 | 27,89 | 25,99 | 35,66 | 9.159 | 11.353 |
| Canarias | 40,03 | 28,71 | 29,15 | 41,65 | 18.678 | 26.141 |
| Cantabria | 41,31 | 29,41 | 25,62 | 40,73 | 4.575 | 7.067 |
| Castela-A Mancha | 45,01 | 36,19 | 20,75 | 27,51 | 12.459 | 16.032 |
| Castela e León | 44,29 | 32,11 | 19,57 | 26,95 | 14.510 | 19.655 |
| Cataluña | 35,28 | 27,76 | 27,78 | 38,80 | 75.341 | 102.541 |
| C. Valenciana | 58,64 | 43,47 | 16,81 | 22,99 | 24.915 | 33.240 |
| Estremadura | 52,27 | 40,53 | 14,98 | 19,76 | 4.925 | 6.438 |
| Galicia | 59,07 | 45,32 | 20,09 | 27,40 | 16.779 | 22.168 |
| A Coruña | 54,69 | 42,37 | 20,63 | 28,00 | 7.394 | 9.805 |
| Lugo | 66,86 | 55,56 | 16,58 | 22,23 | 1.521 | 1.981 |
| Ourense | 48,02 | 36,34 | 19,92 | 29,57 | 1.634 | 2.310 |
| Pontevedra | 65,31 | 48,88 | 20,56 | 27,68 | 6.229 | 8.072 |
| Madrid | 30,43 | 22,62 | 28,10 | 38,18 | 70.799 | 94.412 |
| Murcia | 56,13 | 46,91 | 21,44 | 27,27 | 9.743 | 12.061 |
| Navarra | 27,66 | 18,03 | 36,64 | 57,68 | 8.421 | 13.066 |
| País Vasco | 40,60 | 28,05 | 29,39 | 47,98 | 22.508 | 36.446 |
| A Rioxa | 33,74 | 21,47 | 23,54 | 33,80 | 2.439 | 3.466 |
| Ceuta | 31,67 | 29,35 | 27,09 | 31,56 | 468 | 558 |
| Melilla | 33,10 | 28,90 | 28,77 | 34,64 | 442 | 552 |
| Total | 40,40 | 30,28 | 24,03 | 33,55 | 367.365 | 501.157 |

Fonte: *Secretaría de Estado de la Seguridad Social*

2.3.4.

### Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais nas CC.AA. 2010-11

| | Duración media dos procesos con alta no período | | Incidencia media por cada 1.000 traballadores protexidos | | Número medio de procesos iniciados no período | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 |
| Andalucía | 32,06 | 34,92 | 4,32 | 3,86 | 9.314 | 8.497 |
| Aragón | 37,85 | 44,10 | 3,60 | 3,11 | 1.584 | 1.339 |
| Asturias | 39,67 | 41,63 | 4,92 | 4,22 | 1.546 | 1.284 |
| Baleares | 28,97 | 37,29 | 4,92 | 4,15 | 1.618 | 1.156 |
| Canarias | 30,06 | 34,85 | 4,27 | 4,16 | 2.532 | 2.454 |
| Cantabria | 42,49 | 51,29 | 3,70 | 3,24 | 644 | 541 |
| Castela-A Mancha | 32,49 | 36,53 | 4,57 | 3,94 | 2.620 | 2.200 |
| Castela e León | 36,43 | 44,47 | 3,93 | 3,27 | 2.893 | 2.339 |
| Cataluña | 31,51 | 36,16 | 4,14 | 3,60 | 10.547 | 9.138 |
| C. Valenciana | 37,56 | 39,94 | 3,48 | 3,31 | 4.772 | 4.488 |
| Estremadura | 34,59 | 42,64 | 3,84 | 3,38 | 1.088 | 924 |
| Galicia | 42,52 | 49,00 | 4,40 | 3,65 | 3.622 | 2.897 |
| A Coruña | 42,49 | 47,10 | 4,37 | 3,63 | 1.563 | 1.262 |
| Lugo | 48,87 | 62,42 | 3,50 | 2,88 | 348 | 276 |
| Ourense | 37,12 | 47,47 | 3,95 | 3,34 | 322 | 259 |
| Pontevedra | 42,23 | 48,39 | 4,86 | 4,03 | 1.389 | 1.100 |
| Madrid | 28,25 | 30,03 | 3,58 | 3,28 | 8.800 | 7.944 |
| Murcia | 37,69 | 37,57 | 3,87 | 3,63 | 1.609 | 1.476 |
| Navarra | 30,35 | 39,05 | 4,15 | 3,85 | 920 | 842 |
| País Vasco | 31,26 | 36,54 | 4,59 | 3,90 | 3.464 | 2.919 |
| A Rioxa | 31,58 | 34,82 | 4,13 | 3,78 | 420 | 376 |
| Ceuta | 34,00 | 33,55 | 5,06 | 3,85 | 86 | 67 |
| Melilla | 33,21 | 31,67 | 4,11 | 3,47 | 63 | 55 |
| Total | 33,15 | 37,28 | 4,06 | 3,60 | 58.142 | 50.936 |

Fonte: *Secretaría de Estado de la Seguridad Social*

2.3.5.

anterior, cae o índice de incidencia en todas as actividades económicas.

No caso dos accidentes mortais, Galicia rexistrou un total de 6,1 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. No último ano, Galicia presenta o segundo índice máis elevado, por detrás de Asturias, das dezasete Comunidades Autónomas, sendo a rateo acadada no conxunto do Estado de 3,6 accidentes.

As provincias galegas presentan un índice de incidencia superior á media estatal, agás a provincia de Ourense, onde non se produciron accidentes de traballo mortais no ano 2011. Lugo, cun índice de 11,4 accidentes, é a provincia cunha maior incidencia de accidentes mortais.

No que respecta ás baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais, os **cadros 2.3.4.** e **2.3.5.** mostran como, o número medio de procesos iniciados no ano 2011 foi inferior aos iniciados no ano anterior no caso de baixas por continxencias profesionais, pero superior no caso de continxencias comúns, así mesmo diminuíu a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias profesionais pero incrementouse para continxencias comúns.

A duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns pasa de 59,07 días no ano 2010 a 45,32 días no ano 2011, sendo Galicia, a pesar da redución experimentada, a segunda Comunidade Autónoma cunha duración media dos procesos con alta no período máis elevada, só por detrás de Murcia con 46,91 días de duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns. No conxunto do Estado a duración media das nomeadas baixas é de 30,28 días, 15 días menos que en Galicia.

De xeito contrario, a duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais aumenta, pasando de 42,5 días no ano 2010 a 49 días no ano 2011, sendo Galicia segunda Comunidade Autónoma cunha duración media dos procesos con alta no período máis elevada, superada por Cantabria con 51,3 días, e por encima da media estatal en 11,7 días, que para o ano 2011 sitúase en 37,3 días. ■

# 2.4.
# Políticas de formación para o emprego

**As políticas de formación para o emprego** levadas a cabo en Galicia no ano 2011 aséntanse en tres piares fundamentais. En primeiro lugar, os programas dirixidos a mellorar a inserción e reinserción laboral dos traballadores desempregados, especialmente daqueles que pertencen aos colectivos que acceden ao mercado laboral con máis dificultade, xa sexa mediante unha contratación por conta allea ou polo seu establecemento por conta propia, constitúen un dos piares sobre os que se asentan as políticas activas de emprego; estes programas instruméntanse a través dos programas de cooperación, dos programas mixtos de formación e emprego, ou mediante as medidas de apoio á contratación aos emprendedores e ao traballo autónomo.

O segundo piar das políticas activas de emprego é a Formación Profesional para o emprego, que engloba as antigas formación ocupacional e continua, centrada no ámbito laboral e dirixida aos traballadores desempregados e ocupados.

Finalmente o Servizo Público de Emprego debe incidir nas políticas activas de emprego, axudando ao traballador a atopar ocupación.

### Formación profesional para o emprego

O plan AFD (Formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas) ven de substituír ao plan FIP, incorporando como novidade a posibilidade de que traballadores ocupados participen nos cursos, se ben teñen prioridade os desocupados.

Ao longo do ano 2011 aumenta considerablemente o número de empresas que se bonificaron polo sistema de formación de demanda (36.762), sendo maioritariamente as empresas de tamaño pequeno (de 1 a 5 asalariados) as que se acolleron a este subsistema de formación profesional para o emprego. As preto de 37 mil empresas que impartiron este tipo de accións formativas acolleron a un total de 170.482 persoas, un 11,9% máis que no ano anterior.

Atendendo á distribución segundo sectores de

### Accións formativas das empresas 2010-11: formación de demanda

| | Participantes formados | | Empresas formadoras | |
|---|---|---|---|---|
| | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 |
| **Tamaño medio das empresas** | | | | |
| De 1 a 5 asalariados | 25.748 | 31.570 | 21.193 | 25.478 |
| De 6 a 9 asalariados | 7.801 | 10.005 | 3.928 | 4.530 |
| De 10 a 49 asalariados | 28.206 | 33.849 | 5.203 | 5.561 |
| De 50 a 99 asalariados | 11.873 | 14.253 | 677 | 700 |
| De 100 a 249 asalariados | 12.165 | 16.314 | 316 | 332 |
| De 250 a 499 asalariados | 9.670 | 9.964 | 99 | 104 |
| De 500 a 999 asalariados | 7.491 | 6.620 | 29 | 26 |
| De 1.000 a 4.999 asalariados | 18.924 | 20.245 | 23 | 21 |
| Mais de 4.999 asalariados | 30.510 | 27.646 | 4 | 5 |
| Outras situacións (1) | - | 16 | 1 | 5 |
| **Sectores de actividade** | | | | |
| Agricultura | 1.863 | 1.767 | 399 | 659 |
| Industria | 38.856 | 41.618 | 3.742 | 4.181 |
| Construcción | 22.989 | 28.709 | 5.792 | 6.843 |
| Comercio | 28.607 | 31.324 | 8.063 | 9.065 |
| Hostalería | 7.791 | 9.619 | 4.380 | 5.326 |
| Outros servizos | 52.282 | 57.444 | 9.097 | 10.687 |
| Sen datos | - | 1 | - | 1 |
| **Total** | 152.388 | 170.482 | 31.473 | 36.762 |

(1) situacións derivadas de fusións, absorcións ou escisións de empresas
Fonte: *Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo*

**2.4.1.**

### Accións formativas para ocupados 2011 (1)

| | Accións formativas | Orzamentos (en miles de €) |
|---|---|---|
| **Total** | 2.671 | 38.790,6 |
| Plans de formación intersectoriais | 672 | 17.792,3 |
| Plans de formación sectoriais | 887 | 11.207,8 |
| Accións formativas prioritarias ocupados | 1.078 | 6.554,1 |
| Accións de apoio e acompañamento | 34 | 3.236,4 |

(1) formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente a persoas ocupadas
Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.4.2.**

### Accións formativas para desempregados 2011 (1)

| | Cursos | Alumnos | Orzamentos (en miles de €) |
|---|---|---|---|
| **Total** | 1.148 | 17.300 | 71.275,5 |
| AFD programación provincial | 695 | 10.470 | 44.215,5 |
| AFD programación pluriprovincial | 386 | 5.790 | 23.321,0 |
| AFD medios propios | 67 | 1.040 | 3.739,0 |

(1) formación profesional dirixida prioritariamente a persoas desempregadas
Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.4.3.**

actividade, os datos do **cadro 2.4.1.** reflicten que no conxunto do Estado o maior número de participantes formados son traballadores da categoría de servizos, salvo comercio e hostalería (33,7%), seguido dos traballadores da industria (24,4%), e do comercio (18,4%).

O total do orzamento dedicado a formación para o emprego no ano 2011 foi de 110 millóns de euros, dos cales, un 38,8% foi dedicado á formación para traballadores ocupados, desenvolvéronse 2.671 accións formativas cun orzamento de 38,8 millóns de euros. O 61,2% restante, 71,3 millóns de euros, dedicouse aos 1.148 cursos do plan AFD no que participaron 17.300 alumnos. Comparando coas accións formativas para o desemprego no ano anterior, diminúe o número de cursos (1.519 no ano 2010) e de alumnos (22.830 no ano 2010), así como de recursos empregados (81,1 millóns no ano anterior).

No que aos cursos AFD (agás compromisos de contratación) se refire, ao longo do ano 2011 programáronse un total de 1.034. O orzamento total destes cursos, aos que asistiron un total de 15.509 alumnos, ascendeu a 65,6 millóns de euros. Comparado co acontecido no exercicio anterior, no último ano rexístrase unha redución no número de cursos e alumnos e un lixeiro incremento no orzamento dedicado.

As principais accións formativas corresponden ás actividades de "Administración e xestión", "Servizos socioculturais e á comunidade", "Transporte e mantemento de vehículos", e "Informática e comunicacións", que acollen en conxunto un cincuenta seis por cento dos cursos, alumnos e orzamento.

Aos 47 cursos de formación con compromiso de contratación programados no exercicio 2011 asistiron un total de 751 alumnos, ascendendo o seu orzamento a 1,9 millóns de euros. Comparado co ano anterior, cómpre salientar a forte diminución no número de cursos, alumnos e o aumento no volume de recursos, que para 2010 foran 79 cursos con 1.170 alumnos e aproximadamente 1,1 millóns de euros de orzamento. No ano 2011 destacaba a importancia relativa do subsector "Comercio e marketing", que no ano 2010 acollía 6 cursos e no ano 2011 acolle 21 dos 47 cursos programados.

Con cargo ao orzamento do plan AFD, impartíronse un total de 67 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 3,7 millóns de euros. Destacan os programados en A Coruña, aos que lle corresponde en torno ao corenta por cento dos cursos e alumnos e o 28% do orzamento total. Con respecto ao ano 2009, cando se impartiron 2.518 cursos do plan AFD en centros propios, ou o ano 2010 cando se impartiran 199, o número de cursos, alumnos e orzamento segue diminuíndo.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, dos datos do **cadro 2.4.8.** despréndese que as actividades máis importantes, as de servizos socioculturais e á comunidade, as de fabricación mecánica, a de instalación e mantemento e a de electricidade e electrónica que, concentran aproximadamente en torno ao 60% dos alumnos, cursos e orzamento.

Ao longo do exercicio de 2011, no ámbito do Plan autonómico de formación de formadores, ofrecéronse dous cursos on-line nesta materia, correspondentes á unidade de competencia 9409 "Contribuír activamente á mellora da calidade da formación".

En canto aos plans de formación dirixida a persoas ocupadas, no ano 2011 realizáronse 672 accións intersectoriais e 887 sectoriais nun total de 171 plans que acolleron outras tantas entidades, cuns orzamentos de 17,8 e 11,2 millóns de euros respectivamente (**cadro 2.4.2.**).

Nas accións de apoio e de acompañamento á formación programáronse un total de 34 proxectos dirixidos ao estudo da formación profesional para o emprego en Galicia. O orzamento investido no ano 2011 foi de 3,2 millóns de euros.

As accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas teñen por

**Plan AFD 2011: distribución sectorial**

| Sector | Cursos | Alumnos | Orzamentos (en miles de €) |
|---|---|---|---|
| **Total** | 1.034 | 15.509 | 65.590,8 |
| Imaxe Persoal | 17 | 255 | 1.152,1 |
| Artes Gráficas | 44 | 660 | 2.378,5 |
| Fabricación Mecánica | 22 | 330 | 3.001,2 |
| Seguridade e Medioambiente | 11 | 165 | 535,0 |
| Sanidade | 81 | 1.215 | 2.849,9 |
| Transporte e Mantemento de Vehículos | 98 | 1.469 | 5.885,0 |
| Informática e Comunicacións | 90 | 1.350 | 7.174,8 |
| Comercio e Marketing | 43 | 645 | 2.330,1 |
| Marítimo Pesqueira | 1 | 15 | 42,6 |
| Agraria | 31 | 465 | 1.533,0 |
| Madeira, Moble e Corcho | 9 | 135 | 981,9 |
| Administración e Xestión | 219 | 3.285 | 15.125,9 |
| Actividades Físicas e Deportivas | 11 | 165 | 326,8 |
| Edificación e Obra Civil | 29 | 435 | 2.686,3 |
| Instalación e Mantemento | 4 | 60 | 455,2 |
| Imaxe e Son | 5 | 75 | 415,9 |
| Química | 1 | 15 | 40,0 |
| Electricidade e Electrónica | 25 | 375 | 2.161,4 |
| Hostelería e Turismo | 70 | 1.050 | 3.974,5 |
| Artes e Artesanías | 5 | 75 | 447,5 |
| Servizos Socioculturais e á Comunidade | 175 | 2.625 | 8.830,4 |
| Enerxía e Auga | 37 | 555 | 2.932,4 |
| Industrias Alimentarias | 6 | 90 | 330,1 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.4.4.**

**Plan AFD 2011: cursos con compromiso de contratación**

| | Cursos | Alumnos | Orzamentos (en €) |
|---|---|---|---|
| **Total** | 47 | 751 | 1.945.749 |
| A Coruña | 20 | 312 | 664.812 |
| Lugo | 5 | 58 | 285.992 |
| Ourense | 12 | 235 | 568.913 |
| Pontevedra | 10 | 146 | 426.032 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.4.5.**

**Plan AFD 2011: cursos con compromiso de contratación: distribución sectorial**

| Sector | Cursos | Alumnos | Orzamentos (en €) |
|---|---|---|---|
| **Total** | 47 | 751 | 1.945.750 |
| Imaxe persoal | 2 | 22 | 167.916 |
| Transporte e mantemento de vehículos | 1 | 15 | 18.146 |
| Comercio e marketing | 21 | 363 | 519.177 |
| Informática e comunicacións | 4 | 60 | 260.369 |
| Industrias alimentarias | 1 | 13 | 26.177 |
| Electricidade e electrónica | 1 | 15 | 47.675 |
| Textil, confección e pel | 3 | 30 | 103.956 |
| Fabricación mecánica | 1 | 20 | 52.356 |
| Seguridade e medioambiente | 8 | 158 | 578.083 |
| Servizo socioculturais e á comunidade | 5 | 55 | 171.895 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.4.6.**

**Plan AFD 2011: cursos en centros propios**

| | Cursos | Alumnos | Orzamentos (en €) |
|---|---|---|---|
| **Total** | 67 | 1.040 | 3.738.969 |
| A Coruña | 25 | 410 | 1.034.577 |
| Lugo | 7 | 105 | 299.441 |
| Ourense | 20 | 300 | 1.641.567 |
| Pontevedra | 15 | 225 | 763.384 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.4.7.

**Plan AFD 2011: cursos en centros propios: distribución sectorial**

| Sector | Cursos | Alumnos | Orzamentos (en €) |
|---|---|---|---|
| **Total** | 67 | 1.040 | 3.738.968 |
| Imaxe persoal | 1 | 15 | 46.898 |
| Fabricación Mecánica | 11 | 165 | 841.529 |
| Transporte e Mantemento de Vehículos | 3 | 45 | 304.054 |
| Informática e Comunicacións | 2 | 30 | 101.429 |
| Comercio e Marketing | 3 | 45 | 50.859 |
| Agraria | 3 | 45 | 145.220 |
| Instalación e Mantemento | 6 | 90 | 495.434 |
| Edificación e Obra Civil | 1 | 15 | 106.235 |
| Administración e Xestión | 1 | 15 | 48.257 |
| Madeira, Moble e Corcho | 4 | 60 | 207.857 |
| Actividades Físicas e Deportivas | 2 | 30 | 59.676 |
| Electricidade e Electrónica | 6 | 90 | 344.828 |
| Hostelería e Turismo | 4 | 60 | 227.627 |
| Servizos Socioculturais e á Comunidade | 17 | 290 | 581.045 |
| Formación Complementaria | 1 | 15 | 9.800 |
| Enerxía e Auga | 2 | 30 | 168.206 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

2.4.8.

obxecto á reciclaxe e recualificación das persoas dos sectores estratéxicos de Galicia: téxtil, alimentación, madeira, construción, metal, agrario, pesqueiro e aqueles outros sectores que como consecuencia da crise económica tivesen unha perda de afiliación á Seguridade Social superior ao 1%. Programáronse un total de 1.078 accións, cun orzamento de 6,5 millóns de euros.

### Promoción do emprego

En canto aos distintos programas de incentivos dirixidos á mellora da empregabilidade dos traballadores distínguense catro grandes grupos de actuacións: os destinados ao fomento do emprego e da estabilidade laboral, os dirixidos ao apoio a emprendedores, autoemprego e economía social, os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e colectivos con risco de exclusión social e os de cooperación.

**• Fomento do emprego e a estabilidade laboral**
O número de traballadores beneficiarios deste tipo de programas foi de 3.811 persoas, ascendendo o número de empresas beneficiarias destas axudas a 3.201.

Dentro destas actuacións salientan o programa de fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos, que afectan a 2.687 traballadores e 2.273 empresas. Ao mesmo tempo, cómpre mencionar o programa de fomento da contratación indefinida do que se beneficiaron un total de 1.077 traballadores e 888 empresas.

**Plans de formación para persoas ocupadas 2011: accións e orzamento**

| | Entidades | Plans | Accións formativas |
|---|---|---|---|
| Plans de formación intersectoriais | 26 | 26 | 672 |
| Intersectorial | 10 | 10 | 541 |
| Autónomos | 12 | 12 | 78 |
| Economía Social | 4 | 4 | 53 |
| Plans de formación sectoriais | 145 | 145 | 887 |
| Administración e Novas Tecnoloxías | 19 | 19 | 116 |
| Comercio, Hostalaría e agropesqueira | 40 | 40 | 215 |
| Construción e Madeira | 17 | 17 | 98 |
| Metal | 8 | 8 | 87 |
| Servizos á Comunidade | 36 | 36 | 267 |
| Téxtil, Vidro e Cerámica, Artesanía, Química e Enerxía | 9 | 9 | 57 |
| Transporte | 16 | 16 | 47 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.4.9.**

**Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral 2011**

| Procedemento | Empresas | Beneficiarios |
|---|---|---|
| Fomento do emprego e da estabilidade laboral | 3.201 | 3.811 |
| Fomento da contratación indefinida | 888 | 1.077 |
| Fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos | 2.273 | 2.687 |
| Fomento da contratación temporal | 40 | 47 |
| Fomento do autoemprego e do traballo autónomo | 4.528 | 4.700 |
| Promoción do emprego autónomo | 4.258 | 4.258 |
| Iniciativas emprendedoras e de emprego (IEBT+ILE e I+E+E) | 225 | 397 |
| Incentivos as persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias | 45 | 45 |
| Integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social | 472 | 2.871 |
| Centros especiais de emprego | 11 | 71 |
| Mantemento de centros especiais de emprego | 112 | 1.870 |
| Contratación de persoas con discapacidade | 313 | 421 |
| Unidades de apoio | 17 | 406 |
| Emprego con apoio | 11 | 78 |
| Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) | 8 | 25 |
| Total | 8.201 | 11.382 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.4.10.**

**• Fomento do autoemprego e do traballo autónomo**

O número total de traballadores beneficiarios dos programas de fomento do autoemprego e do traballo autónomo recollidos no **cadro 2.4.10.** ascendeu en 2011 a 4.700 beneficiarios e a 4.528 empresas.

En canto ao número de traballadores beneficiarios se refire, o programa máis importante foi o de promoción do emprego autónomo, no que un total 4.258 desempregados que se constituíron como autónomos percibiron axudas.

**• Integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social**

Un total de 2.871 persoas con discapacidade e/ou risco de exclusión social beneficiáronse das axudas deste programa de integración laboral ao longo de 2011, ben sexa polo mantemento destes traballadores nos centros especiais de emprego (1.870 persoas), polo fomento da contratación de persoas con discapacidade (421 persoas), polas subvencións ás unidades de apoio (406 persoas), polo programa de emprego con apoio (78 persoas), polo programa de centros especiais de emprego (71 persoas), ou polo pro-

**Programas de cooperación con entidades locais e outras administracións e situación das escolas obradoiro, obradoiros de emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento 2010-11**

**Programas de cooperación con entidades locais e outras administracións**

| | Entidades | | Beneficiarios | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 | | |
| | | | | Total | Homes | Mulleres |
| Programas de cooperación con entidades locais | 1.315 | 1.380 | 5.572 | 7.179 | 3.265 | 3.914 |
| PPCC entidades locais | 337 | 346 | 4.045 | 5.294 | 1.906 | 3.388 |
| Contratación axentes de emprego e desenvolvemento local | 255 | 265 | 285 | 300 | 198 | 102 |
| PPCC Institucionais | 616 | 672 | 1.062 | 1.382 | 1.023 | 359 |
| PPCC Institucionais-Axentes de Emprego/Unidades de apoio | 107 | 97 | 180 | 203 | 138 | 65 |

**Escolas obradoiro, obradoiros de emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento**

| | Escolas obradoiro | | Obradoiros emprego | | U.P.D. | | Alumnos-traballadores | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 | | |
| | | | | | | | | Total | Homes | Mulleres |
| En funcionamento a 1 de xaneiro | 9 | 4 | 74 | 65 | 18 | 7 | 2.406 | 1.841 | 892 | 949 |
| Iniciadas | 3 | - | 67 | - | 3 | - | 1.867 | - | - | - |
| Total en funcionamento | 12 | 4 | 141 | 65 | 21 | 7 | 4.273 | 1.841 | 892 | 949 |

Fonte: *Consellería de Traballo e Benestar*

**2.4.11.**

grama de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) (25 beneficiarios).

**• Programas de cooperación con entidades locais e outras administracións**

No último exercicio beneficiáronse das axudas aos programas de cooperación con entidades locais e outras administracións un total de 7.179 traballadores (1.607 persoas máis que no ano anterior) e 1.380 entidades (65 máis que en 2010). No eido destes programas de cooperación coas entidades locais, destacan as axudas dos "Programas de cooperación con entidades locais", con 346 entidades e 5.294 beneficiarios.

No concernente ás escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, ao longo do exercicio de 2011 beneficiáronse das súas accións formativas un total de 1.841 alumnos/traballadores (2.432 menos que no ano anterior).

No ano 2011 estaban en funcionamento un total de 4 escolas obradoiro (5 menos que no ano anterior), 65 obradoiros de emprego (9 menos que no ano 2010) e 7 unidades de promoción e desenvolvemento (11 menos que no ano anterior). No ano 2011 non se iniciou ningunha escola obradoiro, obradoiro de emprego ou unidade de promoción e desenvolvemento nova. ■